

Noticias de accidentes: o grande verquido de petróleo a xeito de suceso local e acontecemento nacional¹.

Harvey Molotch e Marilyn Lester

Partindo do suposto de que as noticias se constitúen por medio de propósitos, examínase a cobertura do verquido de Santa Bárbara nunha mostra nacional de xornais, determinando o tipo de asuntos das noticias e de actividades noticiosas que viran acontecementos nacionais. Observouse que os representantes oficiais federais e os portavoces dos empresarios teñen máis acceso ós medios informativos do que os ecoloxistas e os representantes oficiais das institucións locais. Achouse que os tópicos simbólicos, e non os tópicos con implicacións para a distribución da riqueza, recibiron cobertura preponderante. Expónense criticamente as implicacións dos métodos actuais de recollida de noticias para o mantemento da dominación ideolóxica.

É este un estudo da cobertura que deron os xornais a un acontecemento nacional de primeiro rango: o verquido de petróleo de Santa Bárbara. Tentamos usar este estudo de caso para desenvolver unha perspectiva integradora e as correspondentes proposicións verbo de cómo é que se dá xeralmente a factura de noticias nos Estados Unidos de América e para suxerir un método reproducible que se poida usar para comprobar tales proposicións en grande número de casos.

Ata agora, os máis dos estudos sobre a cobertura de noticias asumiron o punto de vista de que a factura de noticias consiste, cando menos no ideal, en levar á atención pública as cousas máis importantes que van acontecendo. Dase neles, logo, certa presuposición de que hai un conxunto de acontecementos obxectivamente significativos que se poden coñecer, dos que se pode coñecer que son importantes e que, daquela, poden contar profesionais das noticias compententes e non sometidos a restricións. As variacións de tal patrón causadas pola incompetencia dos informadores, pola interferencia dos editores ou polas influencias corruptoras de xente exterior á profesión (pomos por caso os subornos dun axente de prensa) adoitan describirse anecdóticamente en termos de nesgas (ou desviacións). As investigacións empíricas verbo de coberturas informativas ocúpanse típicamente de documentar nesgas (ou desviacións) e de facer suxestións sobre as fontes estruturais (véxanse Lang e Lang, 1968; Boorstin 1961; Cirino 1970; Breed 1955; Gieber 1964).

O punto de vista orientador deste estudo racha coa devandita tradición empírica e teórica. Acolléndonos ó punto de vista etnometodolóxico, suspendemos, por mor dos obxectivos analíticos estratéxicos, a presuposición de que hai algún tipo de realidade obxectiva "aí fóra" pendente de se converter en informacións e, en troques, entendemos que as noticias son os propios procesos por medio dos cales se crean (por parte dos profesionais das noticias e dos individuos que forman os públicos) as "cousas" que son importantes. A nosa hipótese de traballo é, logo, que a determinación do que sexa ou non noticia, do que sexa significativo ou non, é función non da natureza do mundo de "aí fóra", senón obra daqueles que dalgún xeito teñen que dar ser a certas cousas que son máis importantes ca outras e, pois logo, máis merecentes de publicación.

Segundo expuxemos noutro traballo (Molotch e Lester, 1974)², entendemos que as noticias publicadas ou emitidas non son informacións (descritivas) do mundo, senón pegadas ou residuos que se poden usar para revela-los propósitos e programas dos actores sociais que teñen razóns prácticas para producir unha caste de noticias en troques doutras. Entón, o uso sociolóxico das noticias é, polo potencial que ten, como unha guía para os obxectivos sociolóxicos dominantes dunha sociedade, máis do que un indicador do que, en certo senso obxectivo, verdadeiramente pasou.

Do devandito tírase que o noso interese empírico non se acha tanto en descubri-la distorsión dunha realidade obxectiva, coma na natureza da "factura de acontecementos" en calidade de actividade social e política (nos procesos por medio dos cales os sucedidos, despois das primeiras formulacións, arránxanse dalgún xeito para se traducir en acontecementos públicos, para público masivo (ou para "circunscricións masivas"). Definimos "sucedido" dicindo que é todo feito recoñecible que se dá no mundo. Os sucedidos

¹ Harvey, M. e M. Lester, "Accidental News: The Great Oil Spill as Local Occurrence and National Event", *American Journal of Sociology* 81, 1975, pp. 235-260.

² Aínda que o artigo que están a ler non se publicou ata agora, escribiuse antes do artigo ó que nos referimos (Molotch e Lester, 1974) e, amais, foi o que estimulou as reflexións máis xeralistas do que saíu publicado primeiro.

de calquera día determinado son infinitos, só limitados polo alcance da imaxinación conceptual da poboación total da terra. Inclúen as actividades mundanas coñecidas das xentes todas, amais das decisións e comportamentos supostamente epocais ou importantes dos poderosos. Definimos “acontecementos públicos” dicindo que son os sucedidos ós que dalgún xeito se lles presta atención en calidade de abondo importantes para virar parte da experiencia dun público en calidade de noticias.

¿Cómo é que se leva a efecto esa actividade de importancia constituínte? Podemos comezar por imaxinar como é que a xente do común, nas vidas diarias, crea noticiais, os uns para os outros, sen necesidade ningunha dos medios de comunicación de masas. Chega un a casa de volta do traballo e anuncia as noticias do día: un ascenso laboral, unha roda pinchada, unha dor de cabeza. Esa narración, incluídos o tempo e mailo lugar do informe, deriva das relevancias contextuais que un percibe no entorno ó momento de as presentar. Non se conta todo o que un pode saber que aconteceu durante o día, senón únicamente o que cómpre contar, dados os obxectivos do emprazamento (ou situación na que se está). Os obxectivos inmediatos guían a tarefa mundana de crear acontecementos.

As organizacións e colectividadeas teñen a man obxectivos análogos que orientan o traballo dos membros que crean noticias, que determinan o que é importante ou non. Cando algúns deses individuos teñen éxito á hora emitir públicamente o seu sentido da relevancia a través dos medios de comunicación, crean acontecementos públicos para públicos grandes (ou, “grandes circunscricións”). O traballo que fan, por mor do impacto potencial en grandes cantidades de xente, deixa de ser elaboración de noticias da vida persoal e, en troques, vira creación de visión do mundo dun público.

Do mesmo xeito cóos obxectivos dunha organización ou dunha persoa e as necesidades do acontecemento concomitante guían a creación de acontecementos públicos, eses mesmos conxuntos de relevancias guían o cumprimento intencional dos non-acontecementos. En ocasións específicas, os obxectivos prácticos dun poden verse servidos (ou beneficiados) polo feito de facer que os sucedidos sexan “non noticiosos” (ou, mellor, inadvertidos). Entón, por medio do intencionado “non dar conta” dalgúns individuos, por razón de non traballar sobre sucedidos que seguramente serían imporantes para outros, cúmprense os non-acontecementos. Poderíase ilustrar esta noción cun exemplo. En 1968 asanináronse polo menos cen vietnamitas nunha misión de exploración e castigo en My Lai. Presumiblemente, para algúns oficiais da cúpula militar e para algúns funcionarios tamén da cúpula do goberno esa acción foi un sucedido coñecido (quere dicir, recibiron relatos dela). Sen embargo, non se fixo relato público ningún e, entón, durante máis de dous anos foi un “non-acontecemento” para os máis dos estadounidenses. Cando un home que estivera alistado puido ó cabo imprenta-lo seu relato virou acontecemento público, tanto para a masa de estadounidenses que non tiveran coñecemento previo ningún coma para os que levaran a efecto o “non-acontecemento” en ocasións anteriores. Con efecto, algúns estadounidenses tiraron a conclusión de que o sucedido fora un “non-acontecemento” ben logrado antes da publicación.

No xerar relatos, individuos e comunidades teñen decote obxectivos diferentes e danlle, logo, usos diferentes e en competencia ós sucedidos. Teñen logo concepcións diferentes do que é ou non é un acontecemento. En tal situación hai unha cuestión (“hai un asunto (público)”: “*an issue*”). Unha cuestión (ou “asunto”) implica loita no tocante a usos dos sucedidos que entran en competencia, entre as necesidades de acontecementos que tamén entran en competencia, e entre relatos do acontecido que tamén entran en competencia. É nesos termos nos que se pode construír unha dimensión do poder, o tipo de habilidade que algúns poden ter para que os seus relatos se convirtan na realidade percibida doutros. Dito de maneira lixeiramente diferente, unha das dimensións cruciais do poder é a habilidade para crear acontecementos públicos. Á vista, logo, de que o acceso ó medios de comunicación é un dos ingredientes cruciais para crear e mante-las realidades dos públicos, o estudo de tal acceso é simultaneamente o estudo das relacións de poder.

O CASO QUE SE ESTUDA

Independentemente da aplicabilidade xeral da nosa concepción das noticias a xeito de campo de batalla no que os actores loitan para xerar experiencia pública, trátase dunha visión que canxa abondo ben coa realidade que vimos desenvolverse no estudo do caso do verquido de petróleo de Santa Bárbara. Molotch (1970), igual ca outros (pomos por caso, Easton, 1972), describiu os acontecementos que seguiron a dramática erupción de fuel da Plataforma A da Union Oil en xaneiro de 1969. En calidade de observador próximo das estratexias despregadas polas distintas partes implicadas, Molotch concebiu as políticas da resaca do verquido a xeito de loita entre partes en competencia para gañar acceso ós medios de comunicación nacional por mor de defini-la situación para o público estadounidense. Como había unanimidade potencial entre os veciños de Santa Bárbara e os grupos de ecoloxistas (locais e nacionais)

contra as compañías petroleiras, e como as compañías petroleiras tendían a estar aliadas co Departamento de Interior no interese común de continuar cun programa de extracción no mar de fóra, xurdiron dous grupos contrapostos de xeito máis ben claro. Entón, aínda que outros proxectos de investigación análogos a este poidan verse na necesidade de ter en conta tres ou máis partes en competencia, este estudo tende a captar a esencia da controversia concebindo dúas agrupacións arredor de intereses maiores. Cada grupo procurou cobertura vantaxosa de cuestións da caste de (1) o volume de petróleo que cubriría as praias e mailo oceano, (2) a extensión dos danos ecolóxicos a curto e longo prazo debidos ó petróleo, (3) os custos económicos e sociais que suporía seguir coa extracción ou produción, (4) as necesidades enerxéticas da industria, (5) os danos estéticos causados polas plataformas no horizonte oceánico e das illas, (6) as posibilidades de verquidos no futuro, (7) as subvencións recibidas polas compañías petroleiras, (8) os vínculos empresariais e sociais entre as compañías petroleiras e os funcionarios do goberno, (9) a “carencia de sentido práctico” e o “idealismo” dos ecoloxistas e (10) a “histeria irracional” e mailo “egoísmo” dos veciños de Santa Barbara contrarios ó petróleo.

O lector pode supor doadamente cal foi a posición de cada grupo contraposto a respecto de cada cuestión. O punto que cómpre salientar é que, despois da primeira erupción (ou escape de petróleo), cada conxunto de grupos procurou, primordialmente, que o seu relato do que en verdade estaba a acontecer e do que era verdadeiramente importante virara o relato nacional. Por exemplo, a “histeria” dos locais non foi, sinxelamente, acontecemento ningún para os de Santa Bárbara, que se sentiron moi perturbados de que tal “falsidade” recibise atención nacional. Por outra banda, os portavoces da industria petroleira consideraron que as informacións relativas a cotas de importación de petróleo e das subvencións á redución de produción (nos países petroleiros) eran irrelevantes para o verquido de petróleo de Santa Bárbara. Cada grupo, por medio de actividades de promoción da caste de informes para a prensa e a explotación de contactos persoais coa prensa, tentou que os acontecementos que adoptasen os medios foran os que eles definiran. O caso do verquido de petróleo fornece, logo, un exemplo relativamente diáfano do uso competitivo dos medios e, daquela, un punto de partida apropiado para unha análise da natureza das noticias orientada segundo a concepción do conflito.

MÉTODOS

Foi a nosa estratexia a de contrastar dous mundos de noticias (ou “universos de noticias”: *worlds of news*) que estaban a man: o creado polo público local de Santa Barbara e o creado polos xornais do resto do país. Seguímoslle a pista a unha mostra de sucedidos que seguiron ó verquido de petróleo, e que se podían atopar no xornal local, polas páxinas dos xornais do país, por mor de determinar que sucedidos viraban acontecementos e cales non. No codificar cada sucedido en varias dimensións, tentamos distinguir-las características dos acontecementos nacionais dos puros sucedidos locais por mor de revelar que tipo de grupos sociais parecen ter máis acceso ós xornais.

Foi o primeiro paso xerar unha lista de sucedidos máis ben ampla. A tarefa fíxose relativamente sinxela por causa da cobertura extraordinaria que lle deu ó verquido o *News Press* de Santa Bárbara, que era ó tempo o único xornal local.³ Sería difícil indicar outro exemplo de situación na que un xornal estadounidense dera a un conxunto de sucedidos locais tal cantidade de cobertura. Nos dous primeiros anos logo do verquido, *News Press* ofreceu 860 noticias independentes relativas á cuestión. Tódalas noticias do verquido de petróleo aparecidas no índice do *New York Times* cubríraas (con moita máis extensión) o *News Press*.

Non estamos a suxerir que a cobertura local dos acontecementos locais sexa sempre máis ampla do que calquera outra. Depende das necesidades de acontecementos dos que determinan as rutinas de cobertura do xornal local. Nos estudos sobre a fuga de gas-nervioso de Utah, Lester (1971) achou que, aparentemente por causa da dependencia económica da localidade a respecto do Departamento de Defensa (ou Ministerio de defensa), a cobertura local foi menos extensa cá de algúns xornais non locais. Nese caso, un universo inicial de sucedidos tería que ser xebrado inicialmente das fontes que se dan a maiores da prensa local, incluídas, quizais, as entrevistas protocolarias, os informes do goberno, e algunhas fontes de medios alternativos para incrementa-la comprensibilidade. No caso que nos ocupa, as probas con tal tipo de fontes adicionais só obtiveron o resultado de material redundante en relación á cobertura do xornal local.

A mostra de sucedidos do verquido de petróleo acadouse da seguinte maneira: estudantes de investigación non licenciados, sen información das hipóteses específicas do estudo, recibiron a encarga de ler un conxunto de noticias do *News Press* que cubrían certo período de tempo. Examináronse tódalas

³ De resultas desa cobertura, o editor do xornal gañou o premio da Asociación de Editores de California en 1971.

informacións aparecidas durante un período de dous anos despois do verquido. Pediuselle a cada estudante que fixese unha lista, en forma de sinopse de dúas ou tres liñas, de cada un dos sucedidos que “acontecieran” durante o período asignado. Dese xeito, amparándonos na competencia do sentido común dun conxunto de persoas, fíxose unha lista de 598 sucedidos aparecidos nas páxinas informativas dun xornal. Aínda que todas e cada unha das informacións poderían tratar de máis dun sucedido, as máis delas só se ocupaban de rexistrar unha. Algunhas informacións non deron pé a rexistro ningún, porque se estimou que, no esencial, repetían outras.

A seguinte operación foi seleccionar unha mostraxe aleatoria de 195 noticias para facer análise de contido (escolléronse 200, mais descartáronse cinco en calidade de repeticións ou duplicados inadvertidos). Escolléronse nove xornais adicionais para fornecer-la base de datos⁴. Os xornais escolléronse segundo o criterio de que ofrecesen variacións no que atinxe á localización xeográfica, á circulación (ou tiraxe) e, finalmente, no que atinxe ó prestixio nacional. Incluíronse na mostra dous xornais de circulación nacional (o *Christian Science Monitor* e o *Wall Street Journal*) e mais outro extranxeiro (o *Times* de Londres). Algúns xornais prestixiosos e importantes (pomos por caso o *Washington Post* e mailo *New York Times*) incluíronse tamén de par de xornais menos prestixiosos pero tamén de grande tiraxe (pomos por caso o *Boston Globe* e o *Chicago Tribune*). Tamén se incluíron xornais máis pequenos (por exemplo o *Chico-Enterprise Record* e mailo *Hartford Times*). Os que están familiarizados cos xornais estadounidenses probablemente darán distinguido no conxunto de xornais escolleitos, segundo se ordenaron na táboa 1, a tentativa de acadar volume e o prestixio da diversidade en distintas rexións xeográficas, variación xeográfica e de volume entre os distintos grupos sociais de prestixio, e prestixio e variación xeográfica dentro de grupos de determinado tamaño (ou grupos máis reducidos).

Cando se atopaba determinado sucedido nun xornal, codificábase en termos de (1) fonte da información (por exemplo, AP, UPI, Reuters ou material de axencias internacionais), (2) localización da información no xornal (información principal, portada, información secundaria, páxinas 2-5 ou portada da sección final, outras páxinas interiores), (3) lonxitude do titular (medido en número de columnas), (4) lonxitude da información (medida logo en número de columnas e segmentos) e (5) colocación do acontecemento na información (quere dicir, se un sucedido en particular se colocaba no primerio parágrafo, na primeira metade ou na metade final).

Os códigos para trata-la substancia de cada sucedido se desenvolveron da seguinte maneira. Os axudantes de investigación dividiron cada un dos 195 sucedidos listados nunha especificación de unha a tres palabras sobre a natureza do elaborador da información, chamada o “suxeito” do sucedido, e da natureza da actividade que o tal suxeito estaba a levar a efecto. Daquela, un sucedido podía verse reducido ás palabras “Nixon inspecciona as praias” ou “ecoloxistas envían peticións”. Nos devanditos exemplos, “Nixon” e “ecoloxistas” son suxeitos, e as actividades respectivas son “inspecciona praias” e “envían peticións”. Despois de probar varios esquemas de codificación, incluídos algúns moito máis complicados, achamos que cada un dos sucedidos podería descomparse eficientemente desta maneira e que así podería ser codificada polos nosos asistentes⁵. A partir da enumeración de suxeitos e actividades que se acadou, desenvolvéronse dous códigos: un para clasifica-los individuos e grupos implicados en calidade de suxeitos e outro para clasifica-las actividades implicadas. Por entender que a prioridade primeira dos promotores de noticias era a de chegar eles ou facer chegar ás súas organizacións ós medios de comunicación e facer que as actividades que promocionaban ou favorecían virasen a base da cobertura, entendemos que tales códigos, nomeadamente cando se collen por xunto, serven moderadamente ben a xeito de base para facer funciona-lo acceso diferencial ós xornais.

⁴ En condicións ideais, os estudos desta caste deberían incluír nas mostras copias dos teletipos orixinais, porque os máis dos xornais, nomeadamente os pequenos, dependen moito de Associated Press (AP) e de United Press International (UPI) para a cobertura de acontecementos non locais. Desafortunadamente, os teletipos só gardan copia das informacións durante tres meses e, daquela, o acceso retrospectivo é extremadamente difícil porque non hai índice ningún para esa vasta cantidade de material.

⁵ Tentamos aplicar unha versión modificada da versión da “análise de declaracións avaliadoras” de Osgood, Suci e Tannenbaum (1957), mais sen éxito. Os asistentes sufriron a extrema ambigüidade á hora de determina-los “conectores verbais” previos, segundo o requisito do procedemento de Osgood. En troques de forzar por medio do “entrenamento” un conxunto de acordos arbitrarios entre os codificadores, fomos cara a un sistema máis sinxelo. O noso criterio de éxito foi o que os codificadores nos contaban da facilidade para usa-lo noso esquema de codificación, secomasí a nosa propia facilidade á hora de facer ese mesmo traballo. Non se empregou método formal final ningún para medi-la fiabilidade dos distintos codificadores (ou “*intercoder reliability*”). O noso esquema teórico xeral, descrito brevemente ó principio deste artigo e máis desenvolto noutro traballo (Molotch e Lester, 1974), dá por sentado que non pode haber nada parecido a un “intercodificador” ou “indicador da fiabilidade dos distintos codificadores”, pois cada individuo percibe un mundo de observacións único. En troques de pensar nun intercodificador, amparámonos na simplicidade xeral do esquema de codificación e no feito de que os codificadores que conosco traballaron eran membros sociais competentes, e que cada un deles tiña un mundo tan válido coma o de calquera outro. A intervención dos mundos de tales codificadores nos procesos de codificación é un feito que cómpre reconecer, en troques de o escurecer por medio de declaracións relativas á fiabilidade obxectiva do intercodificador (véxase Cicourel, 1964).

Na colección de datos da que dispomos, inspeccionáronse os microfilmes de cada xornal en tódolos casos nos que o xornal local publicara algunha información relativa ós 195 sucedidos e tamén se inspeccionou o día seguinte a cada sucedido⁶. Houbo un total de 3900 casos posibles (195 sucedidos por 20 xornais)⁷.

ACHADOS

Aínda que o verquido de petróleo de Santa Bárbara foi unha das grandes noticias nacionais de 1969, achamos que ningún dos xornais examinados na mostra se aproximou ó xornal local no que atinxe ó número de sucedidos que recibiron cobertura. A media de cobertura dos xornais non locais foi do 7,7% dos sucedidos. A táboa amosa a extensión da cobertura de cada xornal durante os catro períodos temporais que seguiron ó verquido de fuel⁸.

Proximidade xeográfica e temporal

Quizais o menos sorprendente dos achados nosos sexa que, en termos de frecuencia do relato de sucedidos, a proximidade xeográfica do verquido de petróleo fose bo factor de predicción. Tres dos catro xornais californianos incluídos na mostra cóntanse entre os tres xornais que máis cobertura deron e o cuarto (o máis pequeno dos incluídos na mostra) estaba entre a metade dos que máis información deron. Pois logo, a proximidade parece ser máis significativa do que outras interpretacións plausibles da variación xeográfica. Na cidade de orientación costeira de New Orlenas, pomos por caso, non se ofreceu moita cobertura, malia o feito da catástrofe de Santa Bárbara ser máis relevante para a área do Golfo do que para a cidade interior de Denver (a sexta na lista ordinal de cidades nas que se deu máis cobertura) ou Bakersfield (a terceira na lista).

Tampouco foi nada sorprendente o feito de que a frecuencia de informacións sobre un sucedido decaese co incremento da distancia temporal a respecto da data do verquido. Non estamos a dicir só que a cobertura decaese co tempo; estamos a dicir que a proporción de sucedidos aparecidos na prensa local e que tamén se publicaron noutros xornais decaeu co tempo. Houbo logo diminución da medida en que o que se consideraba localmente importante tamén se atopaba importante no ámbito nacional. Máis adiante imos examina-los contidos nas noticias escritas durante os devanditos períodos por mor de expor críticamente algunhas implicacións políticas e administrativas que son propias deste modelo.

Acceso diferencial á elaboración de acontecementos: suxeitos (**ou: asuntos**)

O acceso relativo de cada acontecemento ós medios de comunicación exprésase na táboa 2 en termos da proporción de veces que os sucedidos implican a cobertura verdadeiramente dispensada a determinado suxeito en toda a nosa mostra de noticias. Usando a mostra dos 195 sucedidos, fíxose un cómputo do número de veces que apareceu cada suxeito e multiplicouse ese número polo dos xornais (20). O produto representa o valor estimado que se podería obter se determinado suxeito recibise a cobertura dos vinte xornais cada vez que formase parte dun sucedido. A seguir, o número de veces que cada suxeito apareceu efectivamente contouse e dividiuse polo valor estimado (ou valor esperado). A porcentaxe resultante representa a medida en que cada suxeito vira parte dun acontecemento público. Por exemplo, supoñamos que o secretario de interior Walter Hickel foi suxeito en 10 dos 195 sucedidos. Se foi obxecto de noticias

⁶ Orixinalmente planeamos investigar dous días despois de cada sucedido. Con todo, no traballo piloto extensivo non demos con informacións que aparecesen máis ca un día despois.

⁷ Elaborábase unha entrada e furábase unha ficha segundo aparece ou deixase de aparecer unha información en cada xornal en particular. Se unha información determinada non aparecía en determinado xornal, tódolos elementos relacionados con esa variable que tivesen a ver co xornal codificábanse "0". Entón, o noso N inicial é 3900. Na análise de datos empregouse o programa de ordenador SPSS (*Statistical Package for the Social Sciences*).

⁸ O período primeiro comprende 22 sucedidos incluídos na mostra durante o primeiro lapso, que foi de tres semanas. Foi ese o tempo do verquido masivo descontrolado; a fin de tal período marca a conclusión do escape máis grande. Os sucesivos períodos de tempo establecéronse de xeito máis arbitrario escollendo os puntos de remate coa fin de manter aproximadamente igual número de casos nos períodos todos. Co incremento da distancia temporal a respecto da fuga, os nosos períodos aumentaron en extensión. Non se fixo análise de contido ningún antes de establece-las particións (ou fronteiras) dos períodos.

o 100% das veces, obteríamos un valor de 200 (10 sucedidos por 20 xornais). Imos supor, amais, que os sucedidos dos que foi suxeito viraron verdadeiramente acontecementos 100 veces. Entón, suporía o 50%, indicando que tivo éxito á hora de virar suxeito de acontecementos no 50% das ocasións posibles. (A puntuación ou porcentaxe máis baixa das posibles é 5%, significando que só fai aparición o acontecemento nun xornal local). Os resultados dos suxeitos todos aparecen na táboa 2.

Os achados amosan xerarquía nidiamente discernible entre os suxeitos que potencialmente serán noticias en termos de acceso ós xornais, co presidente nos Estados Unidos en calidade de creador máis potente de acontecementos. Só o suxeito inanimado “petróleo” (coma no caso de “verquidos de petróleo da plataforma”) se achega ó presidente en termos de frecuencia da cobertura. As accións e declaracións doutros individuos na ponla do poder executivo federal aparecen na lista de terceiro grupo de suxeitos máis prominente, de par doutros elementos da executiva federal que forman o cuarto grupo. Entón, o acceso ós xornais estivo claramente centrado nas mans do poder executivo federal, incluídos os diferentes departamentos e as axencias que teñen relación ou contratas con el. O Parlamento, as compañías petroleiras e os políticos estatais, por esa orde, foron os seguintes grupos máis significativos. Os grupos locais de Santa Barbara, as asociacións ecoloxistas e mailos políticos locais tiveron menos acceso ós xornais que non eran locais.

As compañías petroleiras e mailos ecoloxistas foron os grupos de interese que máis claramente entraron en conflito en termos do uso dos xornais logo do verquido (ou “na resaca do verquido”). O éxito comparado da promoción de informacións amósase na táboa 3, que indica a proporción de sucedidos cobertos nos que as compañías petroleiras foron suxeitos de noticias en comparanza coa proporción de acontecementos nos que os grupos ecoloxistas foron suxeito das noticias. A xeito de refinamento ulterior, a cobertura descompúxose pola aparición nos distintos períodos na táboa 4. Ambas a dúas táboas comparan a cobertura local e aqueloutra fornecida polos outros dezanove xornais.

A diferenza de acceso dos dous grupos ós medios non locais é sorprendente.

A táboa 3 amosa que, mentres que na prensa local deuse cobertura case nas mesmas proporcións ós sucedidos nos que aparecen compañías petroleiras e grupos ecoloxistas (50’8% e 49’2%), a proporción de información non local era abraiadoramente favorable ós sucedidos nos que eran suxeitos as compañías petroleiras (84’8% contra o 15’2%). Porén, a aparente inaccesibilidade dos xornais non locais para os grupos ecoloxistas non tiña distribución homoxénea nos xornais incluídos na mostra. Ningún dos xornais do medio-oeste tratou nin sequera un sucedido no que fose suxeito un grupo ecoloxista, mentres que os xornais do leste e mailos de circulación nacional dedicáronlle ós grupos ecoloxistas aproximadamente o 10% e o 11%, respectivamente, da cobertura dedicada ó conxunto dos dous grupos. A cobertura dispensada ós ecoloxistas era lixeiramente máis favorable no sur (14’3%) pero máis forte no Oeste, sempre fóra de California (20%) e tamén na California non local (21’7%). Entón, o efecto de proximidade xeográfica non só ía aumenta-lo número total de cobertura dado ó verquido de petróleo, senón que tamén ía fornecer cobertura máis similar ós sucedidos nos que foron suxeito as compañías petroleiras e os sucedidos nos que foron suxeitos os ecoloxistas⁹.

Para evita-los malentendidos, habería que salientar que aínda que a cobertura non local das cuestións nas que houbo suxeitos relacionados co petróleo foi ben máis grande (en termos relativos e absolutos) que aquelas nas que foron suxeitos os ecoloxistas, a prensa local ofreceu a cobertura máis grande dos asuntos todos. Entón, aínda que o verquido de petróleo de Santa Bárbara fose unha noticia nacional amplamente coberta que seguiu a ter prominencia entre as noticias durante un período ben máis longo có resto dos acontecementos, a cobertura nacional de todo o verquido foi pequena en comparanza coa cobertura local. O devandito pode percibirse ó advertir que os N da columna encabezada coa rúbrica “Tódolos outros xornais” na táboa 3 (e nas táboas análogas que seguen) representan os exemplos todos de cobertura nos dezanove xornais, mentres que os N da columna encabezada coas palabras “Xornal local” representan exemplos collidos dun xornal só.

Os achados expostos neste punto teñen a ver coa cuestión de se un sucedido determinado recibiu algún tipo de cobertura, independentemente da prominencia ou do xogo que puidese dar ás noticias. Amais da frecuencia máis alta de cobertura, as noticias que tiñan por asunto o petróleo poderían recibir tratamento máis prominente que as que tiñan por asunto (e suxeito) os ecoloxistas. Por outra banda, as noticias de ecoloxistas podían ter un aspecto cualitativamente atractivo, unha posibilidade que podería compensar, cando menos en parte, a proporción menor de tales sucedidos que acababan convertidos en acontecementos públicos. Con todo, ningunha das nosas medidas de cualidade de cobertura achegou relacións significativas alén do nivel do .15, e vemos que malia ser excluídas a gran maioría das noticias que tiñan por suxeito os ecoloxistas, as poucas que se imprimaron non foron significativamente distintas no que atinxe a lonxitude, situación ou tratamento de titulares das moitas noticias que tiñan por suxeito as compañías petroleiras e que foron incluídas.

⁹ As outras variables relativas a xornais (a orientación política e maila tiraxe) non amosaron variacións significativas.

Aínda que o conflito máis claro no que atinxe ó interese dos acontecementos é o que se dá entre as compañías petroleiras e os ecoloxistas, hai motivos razoables para manter que a administración federal (nomeadamente o presidente e o Departamento de Interior) tiveron intereses metidos nos acontecementos semellantes ós das compañías petroleiras (nomeadamente polo desexo común de continuar, e mesmo expandir, o programa de extracción no mar de fóra no canal de Santa Bárbara, secomasí en calquera outro lugar). As accións do goberno federal durante os anos seguintes ó verquido abofé que dan poucos motivos pra sospeitar que este caso fose unha excepción da converxencia de intereses decote advertida entre os reguladores do goberno federal e as industrias que se regulaban (véxase Selznick 1949; McConnell 1966). Por outra banda, no caso de Santa Bárbara, houbo unha afinidade semellante entre os ecoloxistas e mailos representantes do goberno local. Ofrecenos isto a base prá segunda comparanza de accesos: a cobertura combinada que se fixo das compañías petroleiras e do goberno federal, por unha banda, e dos ecoloxistas e representantes locais, pola outra. A comparanza exprésase na táboa 5.

O contraste entre a cobertura de datos locais, que podería concibirse segundo os valores estimados, e os achados non locais é grande. A cobertura nacional dos dous grupos amosa fomar parte de dous conxuntos que representan o 91% e o 9%, sendo o máis grande o favorable ás noticias nas que son suxeitos representantes do goberno federal en relación co petróleo, mentres que os sucedidos incluídos na mostra que proviñan dos xornais locais amosaban unha división moito máis equitativa (55% e 44%).

Ó ollarmo-la táboa 6, no que atinxe ós efectos da proximidade temporal do verquido, vemos que a creación de sucedidos relacionados con ecoloxistas e locais non empezou verdadeiramente ata o segundo dos períodos temporais (quere dicir, só o 2% de tales sucedidos apareceron no primeiro período). Sen embargo, o 23% das informacións aparecidas que ían publicarse tamén fóra dos medios locais en relación con tales suxeitos e cuestións saíron dos prelos no primeiro período. Parece, logo, que os datos canxan cos nosos achados previos no que atinxe ós efectos temporais e que, na medida en que os grupos ecoloxistas tiveron acceso ós xornais fóra da localidade inmediata, tivérono no curto período máis próximo á data da primeira aparición. Despois dese período inicial advírtese que na cobertura non local deuse a tendencia a ser máis propensa a rexistra-las accións das compañías petroleiras e do goberno federal (a implicación obvia de tal tendencia é que os grupos ecoloxistas teñen que actuar cando o ferro aínda está quente, se queren ter algunha incidencia).

En contradición con achados previos, a proximidade parece a determinante da cobertura. Con todo, o efecto da situación prá categorías combinadas é lixeiramente diferente do da primeira comparanza. O factor explicativo crucial non é a proximidade *per se*, senón se o xornal está ou non en California: nos xornais de California (excluído o xornal local de Santa Barbara) as noticias sobre sucedidos relacionados con ecoloxía ou locais eran o 14'5%, mentres que tódolos outros publicaron só un 5'6% de informacións nas que aparecen ecoloxistas e locais. Potencialmente, non había diferenza entre os xornais de fóra do estado en termos das diferentes proporcións de cobertura dedicadas ós dous devanditos grupos.

Entre as variables relativas á cualidade da cobertura, o emprazamento do acontecemento no xornal foi a única que amosou ser significativa. A táboa 7 indica que se deu unha tendencia xeral a que os sucedidos todos tivesen papel máis prominente no xornal local do que nos de fóra. Aínda máis interesante é o acceso cualitativo diferencial dos dous grupos á prensa non local: o 61'4% dos acontecementos de empresas petroleiras/goberno federal estaban na portada do xornal local, mentres que o 32'6% dos que recibían cobertura dos medios non locais tiñan ese mesmo destaque de portada nos xornais, producindo logo unha proporción entre locais e non locais que é de 2: 1. No que atinxe ás aparicións de ecoloxistas locais, o mesmo cálculo dá unha proporción de 5: 1. Daquela, alén do feito de que haxa unha porcentaxe moito maior de aparicións de petroleiras/goberno federal ca de ecoloxistas/locais que viran acontecementos públicos, os primeiros tamén acadan posicións (ou, mellor, compaxinacións) máis vantaxosas na prensa non local, nomeadamente se os comparamos coa situación que acadan na prensa informativa local.

O terceiro e derradeiro conxunto de asuntos que se comparou é o de estudos científicos verbo das causas e efectos do verquido. Entre as aparicións incluídas na mostra, cóntase un estudo financiado polo departamento de interior (o informe DuBridge) que propuxo a perforación de pozos adicionais a xeito de solución para a crise. Por outra banda, houbo informes promocionados localmente e financiados “de xeito independente” (pomos por caso o da *National Science Foundation*) que salientaron os danos económicos que a perforación, extracción e verquidos resultantes tendían a crear.

Había un total de catro informacións destes grupos entre as 195 aleatoriamente seleccionadas. Tres delas promocionáronse local ou independentemente e unha contou co apoio do Departamento de Interior. Os

nosos achados indican que ningún deses estudos, aínda que recibisen boa cobertura local, mereceron moita atención polo país adiante. Das noticias todas, só tres apareceron fóra de Santa Bárbara. Todas tres daban cobertura ó estudo promocionado polo Departamento de Interior.

O acceso diferencial á elaboración de acontecementos: actividades

Amáis de determinar se algúns tipos de suxeitos de noticias teñen acceso diferencial ós medios de comunicación, desenvolvimos un esquema para determina-lo tratamento dos diferentes tipos de actividades que poderían servir ás necesidades de acontecementos das compañías petroleiras en contraste cos tipos de acontecementos que interesan ós grupos de oposición. Na parte superior da lista estaban os esforzos das compañías petroleiras por limpa-las praias, secomasí os avances técnicos que segundo as declaracións das compañías serán capaces de prever verquidos futuros. O departamento de interior (ou Ministerio de Interior) tenta dar apoio ás compañías petroleiras á hora de promover esas actividades e tamén recalcou a “dureza” dos novos regulamentos de seguridade ós que se terían que someter de alí adiante as extraccións. Segundo se implicara previamente, tanto as compañías petroleiras coma os representantes do goberno federal estaban implicados na promoción deses informes científicos que minimizaban os danos do petróleo. Por outra banda, os ecoloxistas e os representantes locais tentaron promover declaracións para que se fixese ver que toda extracción é insegura, que os regulamentos supostamente duros non eran duros dabondo e que non supuxeran reforzo ningún das normas anteriores, que o fluxo de petróleo non estaba nunca enteiramente controlado, que se reanudara a extracción no canal sen garantías de seguridade, e que o dano ecolóxico fora grande. Nun intento deliberado de dar publicidade a tales nocións, os ecoloxistas xuntaron con éxito dúas centas mil sinaturas para facer unha petición ó presidente¹⁰, fixeron piquetes, prestaron testemuño perante o parlamento e outros órganos do goberno, fixeron unha sentada, tamén fixeron unha navegación de protesta e unha marea en protesta¹¹.

A cobertura que se deu a esas distintas actividades, segundo amosa a nosa mostra de xornais, é a que representa a táboa 8. O patrón que aparece é similar ó que se dá para a aparición de suxeitos, aínda que menos pronunciado. Os sucedidos que menos cobertura recibiron foron as actividades de ecoloxistas e as accións do goberno local. Os máis cobertos foron, en xeral, os de actividades que se adecuaban á necesidade de acontecementos das compañías petroleiras e da ponla executiva federal. Unha excepción a ese modelo de acceso foi a cobertura relativamente extensa que se lle deu á degradación estética inanimada das praias por mor do petróleo que alí chegaba, publicidade que de feito non foi útil nin para a compañía petroleira, nin para os intereses dos representantes do goberno federal, aínda que non fora esa a actividade máis importante das promovidas polos ecoloxistas e xente do lugar.

Quizais o xeito máis claro de medi-la efectividade das dúas partes á hora de publicita-las actividades favorecidas é agrupa-los remedios das compañías petroleiras e as regulacións máis duras por unha banda e, pola outra, xuntar as distintas actividades dos ecoloxistas. Ó suma-lo numero de sucedidos aparecidos en ambos a dous grupos e ó calcula-la proporción de cada un deles, damos cunha comparanza aproximada da medida en que o modelo de cobertura de actividades serviu ás necesidadees dun grupo ou doutro. Os resultados amósanse na táboa 9, onde, máis unha vez, a comparanza relevante é a que se fai entre as proporcións locais e non locais dos dous tipos de actividades. A táboa 10 divide os datos segundo o período de aparición.

En concordancia con achados anteriores, e en relación co acceso tanto de suxeitos coma de actividades, o modelo de acceso caracterízase por (a) se-la cobertura nacional de actividades favorables ás compañías petroleiras moito máis ampla do que a cobertura das actividades dos ecoloxistas (93'2% contra 6'8%), especialmente ó se comparar coa posibilidade de cobertura alternativa que ilustra o modelo local (54'5% contra 45'5 %); (b) comparada coa local, a cobertura nacional de actividades concentrábase radicalmente no período inmediatamente seguinte ó verquido, garantindo logo a baixa cobertura das actividades ecoloxistas que, de certo, non comezaron (cando menos, en calidade de sucedidos dos que se deu información) ata o segundo período.

Pode facerse unha distinción adicional entre os xornais non locais de California e os xornais de fóra de California. Os xornais de California incluíron tódalas noticias que se deron na cobertura non local de actividades ecoloxistas que aparecen na mostra; o 100% da cobertura de fóra de California implicou actividades do outro grupo.

¹⁰ O presidente refugou recibir as peticións en persoa; tamén outros altos cargos fixeron o mesmo.

¹¹ Por mor de preve-la erección de novas plataformas, os residentes do lugar organizaron a mariñeiros afeccionados nunha regata que tiña a finalidade de bloquea-lo acceso ó cobizado emprazamento da extracción (a navegación). Para manter control indefinido sobre a localidade, os mariñeiros e mais unha muller nun helicóptero tiraron liñas de pesca no mesmo punto, gañando logo prioridade legal sobre a superficie da auga (a marea). Todos eses esforzos fracasaron.

En concordancia, máis unha vez, con outros achados, ningunha das variables relativas ós xornais (pomos por caso, tiraxe ou liña política) ou de cualidade da cobertura aportou resultados significativos.

EXPOSICIÓN CRÍTICA

Tentamos amosar que certo mundo posible, posible porque veu á existencia en algures (quere dicir, en Santa Barbara), non se creou nunca pró conxunto do país. Os nosos métodos concebíronse para amosa-los contidos dese mundo posible en contraste coa efectiva cobertura informativa nacional. O noso punto de partida foi o dun conxunto de sucedidos que se deron no espazo local, e que poderían facer patente unha realidade máis ben contrastada. Os sucedidos convertidos en acontecementos pola prensa local eran o mundo posible que potencialmente se podía mobilizar e converterse en acontecementos para o público nacional.

Acceso diferencial

Abordamo-lo contido das aparicións de dúas maneiras diferentes (atendendo ós suxeitos e atendendo ás actividades que se describen) por mor de acadar dous indicadores diferentes dos tipos de actores que tiveron máis éxito á hora de pór a disposición algúns dos sucedidos para que virasen acontecementos públicos e outro (indicador) das circunstancias nas que se acadaba ou malograba o éxito. Sexa como for, advírtese que as aparicións de noticias que canxan coas necesidades de acontecementos das compañías petroleiras e dos representantes do goberno federal teñen máis posibilidades de virar acontecementos do que as que se adecúan ás necesidades de acontecementos dos ecoloxistas e dos intereses locais.

Cos datos que recadamos non podemos estar certos do motivo devandito, mais esta exposición crítica abordará algunhas hipóteses para investigacións futuras. O que si sabemos é o tipo de respostas que de certo non tomaremos a serio. A resposta inaceptable máis común é que a compañía petroleira e as aparicións en prensa dos representantes do goberno federal eran inherentemente máis importantes cás outras. Poñamos un exemplo concreto: poderíase argüír que o presidente Nixon (o factor de factura de acontecementos máis grande de todos) falou para o país todo; as observacións que fixo implicaban cursos de acción con implicacións para o benestar do mundo enteiro. Este tipo de interpretación engadriría que o alcalde de Santa Bárbara, Gerald Firestone, falou obviamente sen acadar tal significación e daquela sería de esperar menos cobertura dos sucedidos que tiñan a Firestone por suxeito ca dos que tiñan a Nixon.

Parecería, logo, razoable dende certo punto de vista, mais dende outro non se ten. Por exemplo, polo feito de que o presidente fracasase á hora de marca-la posición pública en relación a algún dos importantes textos da lexislación invocados polos ecoloxistas, os seus discursos públicos tenderon a ser palabras de conmisericordia dirixidas ós cidadáns locais, vagas declaracións de solidariedade co medio natural e preces para que non volvese haber catástrofes semellantes. Visitou a praia de Santa Bárbara, inspeccionouna e dixo (moi trabucadamente) que estaba limpa. Todas estas accións forman parte do que Edelman (1964) chamou o reino dos “usos simbólicos da política” (accións que reciben moita atención pero que teñen pouco a ver coa verdadeira distribución de recursos nunha sociedade). Nixon “fixo algo por” Santa Barbara, prestou atención presidencial, precisamente porque as súas declaracións aseguraban automaticamente o acceso ós medios. Dito de xeito máis informal, o “primeiro equipo” veu para manipula-lo significado público precisamente porque só o cimo podería controla-lo contido da cobertura informativa dispensada ó verquido de fuel. Cubriuse logo a Nixon, non por mor da importancia, senón porque as necesidades de acontecementos da xente que importa para o presidente necesitaban da “acción” presidencial por mor da importancia que tiña para eles a natureza da cobertura. Abofé que nese proceso resultou fundamental que os medios actuasen como se as palabras do presidente fosen inherentemente importantes; é iso o que fai que o proceso funcione. O presidente é logo o último recurso dos que practican a política do significado e na habilidade para usar ese recurso perseguindo fins específicos reflicte o poder dun grupo social determinado. Iso é, amais, un xeito de defini-la presidencia.

Por outra banda, estaban os ecoloxistas dos que as declaracións e actividades se estimaba que levaban ó escenario político aquelas cuestións que poderían ter implicacións distributivas concretas (por exemplo, critica-lo departamento de interior por non cancela-las contratas coas petroleiras). Pois logo, un xeito alternativo de caracteriza-los dous tipos de aparición que estaban en competición é pola diferenza entre mensaxes simbólicas e as mensaxes concretas relativas á distribución da riqueza. Abofé que non é obvio que o primeiro tipo de mensaxes sexa máis impotante có segundo. Dende o punto de vista da xente que desexaría que tal tipo de asuntos relacionados coa distribución da riqueza aparecesen no escenario

político, as observacións do presidente son obviamente menos importantes e menos merecentes de atención cás da xente do lugar e dos ecoloxistas.

Falando máis precisamente, hai aínda outro xeito de cuestionar a importancia dada por garantida das declaracións de Nixon en comparación coas do representante descoñecido dunha cidade pequena. Os representantes locais tentaban proclamar, entre outras cousas, que o verquido, en troques de rematar (pois, supostamente, a limpeza se levara a termo e amais contribuiría a perfeccionar as técnicas preventivas) o verquido de petróleo, dicíamos, (dunha vez que comezara) era imparabile (e de certo aínda non deu rematado no momento en que estamos a escribir este artigo, uns seis anos depois) e as técnicas novas non teñen que lle facer. Esta información podería ser importante, por exemplo, para os que viven en zonas costeiras, nomeadamente no Leste, onde os programas de extracción de petróleo no mar de fóra están a se defender por primeira vez. Podería un entón preguntarse se as declaracións e indicacións dos cargos públicos locais eran obviamente máis importantes cás do presidente dos Estados Unidos á vista de que as necesidades de noticias de grandes cantidades de xente que non era do lugar resultarían, no sentido máis verdadeiro, traicionadas polos medios.

O segundo xeito insatisfactorio de explicación é, ó noso ver, a idea de que o modelo de acceso é resultado do desexo dos informadores, directores e propietarios dos medios de comunicación dos gustos do público. Aínda que ben puidera ser que a anticipación da resposta da audiencia é continxencia que o xornalista sinte, hai moitas castes de realidades que cada público determinado de lectores pode atopar interesante. Non parece que haxa razón aparente ningunha, por exemplo, para asumir que o público estivese máis interesado nas declaracións da compañía que garantían a seguridade das técnicas de extracción do que nos argumentos contrarios ofrecidos polos ecoloxistas. De xeito semellante, os estudos que atopaban poucos danos ecolóxicos debidos ó verquido de petróleo non parecen inherentemente máis interesantes cós estudos que acharon danos ecolóxicos substanciais. A necesidade que os xornalistas teñen de vender xornais interesantes ós públicos non é explicación suficiente dos modelos de cobertura.

Segundo expuxemos con máis demora noutro texto (Molotch e Lester, 1974) a produción de noticias non se pode enxergar á parte da economía política da sociedade na que se dá. O acceso preponderante dos representantes do petróleo e do goberno federal reflicte o poder relativo de tales actores en xeral. Mesmo o grao menor no que chegou a haber controversia nacional verbo do verquido de petróleo de Santa Bárbara debeuse ó feito de que unha elite local interesada no turismo e lecer, máis ben poderosa en comparación coas elites de cidades de tamaño similar, deu cunha concepción alternativa do que resultou estar entre os seus intereses. Segundo atopou Lester (1971) para o caso da cobertura que se lle deu ó accidente do gas nervioso de Dugway, cando as condicións económicas locais militan contra tal sentido alternativo das noticias, minimízase a probabilidade de que se convirten en asunto público (quer nacional, quer local).

O que non imaxinamos de xeito ningún é que os poderosos establezan o dominio ideolóxico por medio dunha conspiración directa nin por exercer a coerción sobre os medios. Son cousas que poden acontecer. Hai ataques das autoridades e presión por parte dos anunciantes no que atinxe ós contidos xornalísticos que son fontes de controversia frecuentes. Con todo, o esforzo actual é o de usar os achados deste estudo que nos ocupa para explorar a relación entre os procedementos e hábitos dos produtores de noticias, por unha banda, e o contido da cobertura, pola outra. Andamos a procurar mecanismos de dominio no funcionamento dos xornais que desenvolveron rutinas de produción de noticias que dalgún xeito deixaron sobrevivir os que teñen o poder de establecer as continxencias de cada día dos informadores. Tales rutinas poden virar tan arraigadas que se reifiquen as xeito de “normas profesionais” ou de “bo xornalismo”, poden mesmo facer que as maneiras alternativas de produción de noticias vire case inconcebible para os que se dedican a iso.

Outro dos achados “obvios” é, logo, que todo sucedido recibe moita máis cobertura preto da data de orixe, pero os acontecementos subsecuentes que estean en relación reciben comparativamente pouca cobertura. Este é o problema do seguemento, que implica a propensión dos xornalistas estadounidenses a non se enganchar a historia ningunha para determinar a súa saída ó público. Os datos que temos revelan que houbo pouco seguimento non local do verquido de petróleo de Santa Bárbara, que o número de sucedidos que se convertiron en acontecementos diminuíu substancialmente despois do verquido inicial.

Cando non se enfatizaban as declaracións dos representantes federais e as accións paliativas das compañías petroleiras, a cobertura non local centrouse no drama do propio fenómeno (quere dicir, o fuel, a area, secomasí a auga e mailos detalles do verquido a xeito de fenómeno físico nas semanas iniciais). A cobertura non local foi máis feble no que atinxe ás cuestións que se deron de xeito subsecuente e que foron relevantes para o futuro do programa de extracción mariña de Santa Bárbara e das extraccións petrolíferas mariñas no conxunto do país. As modificacións da lexislación por mor de incluír certas prohibicións no tocante a algunhas formas de extracción en Santa Bárbara e noutros lugares recibiu, logo, menos cobertura do que durante o verquido inicial. A liquidación (ou derogación) desa lexislación no comité xurídico correspondente recibiu aínda menos cobertura que a aprobaciou ou o declarado plano de aprobación. De xeito semellante, o inicio do proceso no que se presentaron cargos contra as compañías

petrolíferas recibiu pouca cobertura, pero a natureza dos feitos establecidos nos tribunais e a sentenza de culpabilidade das compañías petrolíferas (que conlevaban unha multa de 500 dólares prás compañías, a máis pequena das multas por delitos de polución) recibiu aínda menos cobertura¹². Tamén recibiron pouca ou ningunha cobertura fóra dos medios locais sucedidos coma o reinicio da extracción na canle de Santa Bárbara, a testemuña no congreso de que só as restricións á importación de petróleo impostas polo goberno federal facían que a extracción na canle fose rendible, e que o secretario de interior Walter Hickel visitase o “ultraprivado” Club Bohemian de San Francisco en calidade de hóspede do presidente da Union Oil Company (compañía que causou o verquido do canal).

Máis unha vez, o noso punto é que non hai nada obvio no que atinxe á idea de que a cobertura debería concentrarse na fase máis temperá do desenvolvemento da noticia; dende a posición dalgunha xente con certas necesidades de acontecementos, o que paracería ser verdade sería xustamente o contrario. Amais, o xornal local, na medida en que mantivo a crenza de que se podía facer algo, non amosou a falla de seguimento (ou continuidade na elaboración de noticias sobre a cuestión) que foi característica dos xornais non locais. É característico do xornalismo estadounidense que a mentalidade de “exclusiva” declare que a proximidade temporal é un atributo das noticias. Logo, ben pode ser que no inhibir o seguimento (ou cobertura continuada) tal mentalidade teña consecuencias non azarosas para o grao en que distintos grupos sociais acadan acceso ós medios informativos e, daquela, dominio ideolóxico na nosas sociedades. Se os públicos se ven rutinariamente privados de noticias relativas ás cuestións distributivas, os que están en posición de levar a efecto entradas rutinarias no sistema de distribución de acontecementos vense provistos dun proceso para facer noticias que permite que tales entradas simbólicas domine a substancia das noticias case enteiramente. Cando a oposición se dá organizada e se escollen as alternativas, os informadores xa marcharon. Enténdese que, se os informadores actuasen doutro xeito, as organizacións informativas poderían pensar que corrían o risco de aborrecer un público do que sempre se supón que é mutable e que cansa doadamente (apreciación errónea, á vista de casos coma o do Watergate).

Outras características das organizacións informativas poden explicar, en parte, algúns dos nosos achados. Os propietarios e editores dos xornais concentraron os cadros de persoal nas grandes cidades, nomeadamente en Washington e Nova York, reflectindo a concepción de que as noticias fanas (ou danas) os xefes das corporacións e os representantes do goberno. Entón, dende a posición do informador, convén servir ás necesidades de acontecementos dos representates oficiais do goberno federal e ós xefes das corporacións; pode escoitarse e escribir máis deles en menos tempo do que levaría ir caza-los líderes locais e mailas forzas da oposición (véxase Tuchman, 1972, 1974). Con todo, tal interpretación non ha levarse lonxe de máis. Os grupos ecoloxistas de Santa Bárbara, secomasí as organizacións ecoloxistas nacionais emprazadas nas cidades de “acceso doado” deitaron un fluxo continuo de informes de prensa dirixidos ós medios nacionais, ofrecendo nomes de persoas e números de teléfono das oficinas acreditadas. De xeito semellante, o xornal local adoita ser subscriptor de servicios de axencias (ou estar integrado nelas e intercambiar, logo, informacións) e foi ben alén da obriga normal de facer que a súa información estivese a disposición de tódolos outros xornais membros da rede de intercambios.

Non necesariamente estamos a suxerir que houbo esforzo concertado por parte das compañías petroleiras e mailo goberno federal (coa axuda dos medios de comunicación) para bloquea-lo acceso dos grupos ecoloxistas, aínda que hai indicacións de que tal esforzo se fixo polo menos nunha ocasión. Con todo, a nosa idea é que os executivos representantes do goberno federal e mailas grandes compañías petroleiras, entre outros grupos, teñen acceso rutinario ós procesos de creación de acontecementos. O maior valor noticioso, o seu lugar na “xerarquía da credibilidade” (Becker, 1967), constrúese dentro da organización de noticias e das axencias informativas. Na xeira diaria dos medios de comunicación de “facer acontecementos”, dase por entendido que é o que é un feito (véxase Tuchman 1974). Non se trata, logo, de que as compañías petroleiras fixeran cousas que inherentemente tivesen máis valor de noticia; con efecto, segundo o noso entender, parece que máis ben deron feito cousas rutinarias e acadaron cobertura, mentres que o número crecente de sucedidos non rutinarios (e ocasionalmente estraños) dos ecoloxistas recibiron proporcionalmente menos cobertura. Seguindo a Tuchman (1972), mantemos que a presuposición de que algúns grupos son obxectivamente máis valiosos para a información (ou máis merecentes de noticias) do que outros é quizais responsable de que se manteña esta caste de tratamento diferencial ó axudar ós profesionais a ignoraren a natureza problemática do que teñen que contar e imprimir. Sexan cales foren as raíces históricas da presuposición e independentemente do xeito en que se sosteña por medio dos sistemas de recompensas do negocio das noticias, hai que contalas entre as forzas que nos provén os nosos achados.

O resultado, no que atinxe ó grande verquido de petróleo, foi que, a tódolos efectos prácticos, había poucas trazas de que se convertese en asunto de cobertura informativa continuada fóra de Satan Barbara.

¹² Estes e algúns outros exemplos do parágrafo danse a fins ilustrativos e fundaméntanse nas aparicións de noticias que non se inclúen na nosa mostra pero que se indican *ad hoc* por mor do especial interese dos autores.

Schattschneider (1962, p. 71) indicou que “as formas todas de organización política teñen inclinación a favor da explotación de certa caste de conflitos e na supresión doutros porque a organización é a mobilización de inclinacións (mobilización de “nesgas” ou “prexuízos”). Algúns asuntos organízanse para entrar na política, mentres que outros se organizan para ficar fóra”. O que estaba en cuestión en Santa Barbara non era un asunto público coma calquera outro, porque a mobilización de inclinacións funcionou para excluí-los sucedidos que serían importantes para a construción de dúas caras dunha cuestión específica. Para o resto do país houbo un grande verquido con danos a curto prazo que limparon as compañías petroleiras. Os remedios procuráronse inicialmente en forma de regulacións máis duras e así se elaborou lexislación federal. Abofé que o verquido non lle fixo ben ningún ás compañías petroleiras; a mellor cobertura, dende esa posición, sería que non houbera cobertura informativa ningunha. Con todo, o verdadeiro modelo de cobertura parece que tivo o efecto de minimiza-lo dano, de abordalo públicamente, e de minimizar, logo, o impacto na crenza pública da lexitimidade do actual modo de explotación de recursos nos Estados Unidos de América.

Noticias e accidentes: noticias accidentais

As observacións deste artigo fundaméntanse en datos dun só estudo de caso dun tipo de noticias e deben entenderse en relación con ese feito. Poderíamos categorizar este estudo de caso a xeito de estudo da cobertura dun accidente; categorizamos este acontecemento deste xeito non por mor das circunstancias do verquido inicial, senón por mor da dinámica social particular que guiou a súa aparición na superficie dos medios de comunicación. Definimo-los accidentes a xeito de sucedidos que viran acontecementos inadvertidamente, quere dicir, sen a planificación de aqueles que primeiramente causaron o sucedido. O accidente pode, logo, contrastarse cos acontecementos de caste máis rutinaria que dominan a prensa pública e son resultado da actividade intencional escenificada con potencial de acontecemento claramente presente na mente dalgúns individuos. O accidente difire logo de maneiras claras de acontecementos coma as declaracións de conferencias de prensa, declaracións de guerra ou resolucións coma a do Golfo de Tonkin.

Algúns dos nosos achados poden deberse ó feito de que estamos a tratar de sucedidos que viraron acontecementos por accidente. En certa maneira, é unha peculiaridade que o verquido de aceite de Santa Barbara virase, en primeiro lugar, parte do discurso nacional. A xente con poder e as organizacións con acceso rutinario ós medios de comunicación non tiñan intención de que se dese acontecemento público ningún. Foi, abofé, un accidente. En calidade de tal, caeu coma unha bomba e inicialmente transcendeu a programación habitual de acontecementos e a rutinaria mobilización de inclinacións (“nesgas” ou “prexuízos”) que caracteriza a actual organización social das noticias. Co paso do tempo, con todo, o feito do verquido (secomasí a cantidade e volume) tenderon a porse baixo control na medida en que a definición do seu carácter foi caendo progresivamente en mans daqueles promotores de noticias que teñen acceso rutinario ós medios de comunicación. Neses termos, por exemplo, coidamos que ten sentido indicar que co aumento da distancia temporal a respecto do momento do verquido o dominio das compañías petroleiras e do goberno federal aumentou. Un accidente pode logo dar acceso a algúns grupos que decote non o teñen; a aleatoriedade da temporización, da localización e das características ou riscos substantivos exclúe as preparacións de factura de noticias que lle conveñen ós poderosos. Porén, co paso do tempo, os procesos normais da rutina da elaboración de acontecementos, en canto está arraigada nas rutinas de organización social da produción de noticias, entran en xogo na medida en que o sistema social volve reface-la compostura; por razóns de importancia crucial, tales rutinas parecen non ter efectos azarosos no acceso ós medios de comunicación de distintas castes de grupos sociais. Os medios apoian aparentemente os poderosos, non só en termos dos contidos do que se publica, senón tamén no que atinxe ós tipos de procedementos informativos que se permiten durar a xeito de práctica profesional apropiada.

Temos que reiterar que pode que as nosas conclusións necesiten revisión, se é que as hai que comparar con achados debidos a outros casos, nomeadamente os debidos a estudos de acontecementos máis rutinarios e daqueles baseados en sucedidos localizados nos poucos centros metropolitanos que contan cos servizos de cadros de persoal fixos de xornalistas non locais. De xeito semellante, os modelos das noticias televisivas e radiofónicas poden diferir de xeito substancial dos subliñados eiqú, aínda que as investigacións exploratorias verbo da cobertura do verquido polos medios electrónicos tende a dar apoio ós achados nosos. Con todo, manteríamos que, aínda que eses estudos sexan necesarios, non cumprirán o seu obxectivo se conciben as noticias a xeito de “mal rexistro” (cf. Garfinkel 1967) – só han cumprir ese seu obxectivo se conciben as noticias a xeito de logro social de xente que ten boas razóns para facer que sexan como son. O obxectivo é, logo, usa-los medios para ver nas noticias a organización social que as produciu.

